



Despregue de tendidos aéreos de telecomunicación en núcleos rurais. Todo o que necesitas saber!



17.03.2023



12:00 – 12:30 H



STREAMING

Cal é o programa?

- › Presentación a cargo dun representante da Amtega ou directamente persoal do Gaiástech (por determinar)
- › Conferencia: Despregue de tendidos aéreos de telecomunicacións en núcleos rurais, a cargo de Javier Fernández Fraga
- › Quenda de preguntas

Para quen?

Dirixida aos concellos galegos, principalmente ao personal técnico e relacionado coa área de telecomunicacións. Tamén para usuarios interesados en xeral.

Quen imparte?

AETG - Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia

Inscríbete!

Por que?

Publicación do día 19 de decembro no Diario Oficial de Galicia, da RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2022, da **Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, pola que se dá publicidade á Instrución conxunta da **Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Dirección da Axencia** para a Modernización Tecnolóxica de Galicia sobre a **viabilidade dos tendidos aéreos de telecomunicacións nos núcleos rurais tradicionais da Comunidade Autónoma de Galicia**.

Trátase dun asunto de **especial interese para os concellos** xa que atinxe ao despregue das **novas redes de fibra óptica nos núcleos rurais de Galicia**. Esta resolución resolve en boa medida a convivencia na aplicación da Lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016 de 10 de febreiro) e da Ley General de Telecomunicaciones (Ley 11/2022 de 18 de junio). Aclara que **a prohibición dos tendidos aéreos de cableados de telecomunicacións prevista na Lei do Solo de Galicia, só pode ser aplicada dentro do marco da Ley General de Telecomunicaciones**, é dicir, que prevalece esta última, permitindo a colocación de tendidos aéreos de fibra óptica, segundo se especifica no seguinte texto: "Nos casos nos que non existan canalizacións [soterradas] ou non sexa posible ou razoable o seu uso por razóns técnicas, os operadores poderán efectuar despregues aéreos seguindo os previamente existentes".

